bng.gal

impreso postal sen enderezo

Lugo, novembro 2017

Para que Lugo funcione

Olalla Rodil, Rubén Arroxo, Ana Pontón e Maite Ferreiro na Praza Maior de Lugo

O Lugo que queremos

-Mobilidade. **páx. 2-3.**

-Recuperar Lugo. **páx. 4, 5 e 6**

- ARRU da Milagrosa
- Barrios da Tinería e das Fontiñas
- Servizos do Rural
- A Garaballa
- Cultura, ensino, mediambiete e mocidade
- Xulgado de Violencia de Xénero
- Xestión eficaz
- Memoria histórica

-Os pactos do PP-PSOE que danan Lugo. **páx 6**

-Zona de baño no río Miño. **páx. 7**

-Piscinas termais públicas. **páx. 7**

www.bng.gal/lugocentro
facebook.com/BNGLugo
@BNGLugo - lugocentro@bng.gal

Asemblea do BNG-AA. A participación social é unha das nosas bases para deseñar o futuro de Lugo.

Entrevista a Rubén Arroxo

Portavoz do BNG no Concello de Lugo.

Páxina 8

"O BNG é un claro empuxe no deseño e desenvolvemento do Lugo do futuro"

Mobilidade

Construíndo o Lugo do século XXI

Apostando por un Lugo sostible que solucione os problemas de transporte de persoas, impulse os desprazamentos ecolóxicos e contribúa a eliminar a saturación do tráfico da zona urbana.

bus

-Un bus que vertebre a cidade e cubra a comunicación co rural. A día de hoxe o transporte público en Lugo perde viaxeiros polo mal enfoque dalgunhas rutas, e por uns horarios pouco axeitados. Precísase poñer os buses urbanos ao servizo das persoas, e non ao revés.

medidas de calmado do tráfico.

-A propia DGT recomenda limitar a velocidade nas cidades a 30km/h como medida "salvavidas".
Hai máis dun 90% de posibilidade de supervivencia nun atropelo a esta velocidade.



transporte sostible

-Uso de transporte sostible. Lugo ten un 83% do viario cunha pendente inferior ao 4%, algo que o converte nunha cidade apta para o uso da bicicleta. Precísanse medidas de calmado do tráfico para facer seguro o seu uso, recuperar o servizo de préstamo (incluíndo bicicletas eléctricas) e puntos de estacionamento por toda a cidade. (Máis O_2. Menos fumes)

incremento da peonalización

-As rúas peonís dinamizan os barrios, melloran a calidade de vida da veciñanza e crean postos de traballo a través do pequeno comercio. É importante avanzar en gañar espazos para as persoas, polo que cómpre lograr a peonalización completa do casco histórico (permitindo acceso a residentes, aparcadoiros soterrados e mercancías). Apostamos por liberar de vehículos a motor o entorno da Muralla, para protexela dos danos producidos polas vibracións e gañar un amplo espazo público.

O exemplo de mobilidade que triúnfa

Viaxe a Pontevedra

Pontevedra, concello gobernado polo BNG dende 1999, recibe premios internacionais pola súa transformación urbana. Destaca o recoñecemento co premio Habitat da ONU como a mellor cidade do mundo para vivir no ano 2015, dándolle máxima relevancia ao seu modelo de mobilidade. O Grupo Municipal do BNG de Lugo promoveu unha visita para comprobar con diversos colectivos lucenses como xestionar ese proxecto. Temos claro que Lugo pode apostar tamén por converterse nunha cidade de grande recoñecemento internacional cun goberno que recupere o orgullo do noso municipio.

25 DE NOVEMBRO
DÍA INTERNACIONAL
CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

Recuperar Lugo

A GARABALLA

AS FONTIÑAS

A TINERÍA

A MILAGROSA

O RURAL

ARRU da Milagrosa

- O barrio da Milagrosa é un dos máis poboados de Lugo, unha zona próxima ao centro da cidade. Actualmente son necesarias actuacións para poñer en valor o potencial que o barrio tivo. Dende o BNG levamos tempo esixindo máxima prioridade para levar adiante os proxectos precisos que permitan declarar este barrio como zona ARRU. Esta declaración de ARRU tería como consecuencia un importante financiamento para a rehabilitación de edificios e a recuperación urbana.

A Tinería

-Durante a lexislatura da Xunta 2005-2009 o BNG, dende a Consellería de Vivenda, levou adiante un plan de "rehabilitación e rehabitación" da Tinería, co obxectivo de recuperar un barrio cun importante patrimonio cultural e histórico, no que actualmente conflúen 3 elementos Patrimonio da Humanidade. Neste período a Xunta investiu uns 30 millóns de euros, e o proxecto foi premiado pola ONU. Coa chegada de Feijóo paralizouse por completo, o cal supuxo un novo proceso de deterioro desta zona.

Dende o 2009 o BNG leva presentado ducias de iniciativas no Parlamento Galego e no Concello de Lugo, chegando incluso á Valedora do Pobo, co obxectivo de que o goberno galego retome a recuperación da Tinería.

As Fontiñas

Unha das zonas con máis problemas de tráfico da cidade. O BNG organizou diferentes asembleas veciñais co fin de escoitar os problemas máis destacables do barrio. Fixemos diversas propostas como a creación de aparcadoiros en terreos públicos existentes na zona. Propuxemos que o Concello chegara a acordos coa propiedade dos terreos baleiros para facer aparcadoiros disuasorios. Promovemos a execución de prazas de aparcadoiro na parte municipal dos terreos da rúa Primavera. Tamén propuxemos crear dobre carril nos tramos con máis colapso de vehículos e a rotonda entre Fontiñas e San Eufrasio (un dos puntos con máis colisións na cidade).

O goberno municipal comprometeuse en febreiro a facer un estudo técnico, estudo do que a día de hoxe aínda nada se sabe.

Servizos no rural

O BNG conseguiu o compromiso do pleno municipal, e acordou na Deputación, que os 500.000€ anuais do Plan Único do ente provincial, que lle corresponden ao Concello de Lugo, sexan investidos nas 54 parroquias do rural.

Abastecemento de augas, saneamento, arranxo de pistas e unha mellor conexión do transporte público son as nosas prioridades.

A Garaballa:

Na Garaballa, no barrio de Albeiros, levan anos sufrindo cheiros e contaminación pola mala xestion das augas residuais que se verten directamente ao río Rato. O BNG presentou unha denuncia no SEPRONA e na Confederación Hidrográfica para buscar solucións reais aos problemas da veciñanza.

Recuperar Lugo

CULTURA

Cultura

A xestión cultural dos gobernos do PSOE no Concello e do PP na Xunta reflíctese nun Auditorio sen abrir, nun cuartel de S Fernando abandonado, doutro auditorio sen programación, nun castro da Piringalla ignorado e dunha inexistencia total de políticas culturais. O PSOE, en materia cultural, unicamente se preocupou en desmontar todas as programacións que o BNG puxera en marcha cando tiña responsabilidades de goberno na Deputación e no Concello. O BNG presentou propostas e iniciativas, máis o único destino dos fondos destinados á cultura é facer edificios que despois quedan baleiros.

Ensino

Lugo precisa que se revise a zonificación que define cal centro escolar lle toca a cada nena e neno. Defendemos a construción de novos centros públicos de ensino no barrio do Sagrado Corazón, na zona sur da cidade e na zona centro, para satisfacer a demanda existente. Denunciamos as políticas do PP, encamiñadas a desmantelar o sistema público de ensino para engordar o negocio dos centros privados e concertados.

ENSINO

MEDIOAMBIENTE

Medioambiente

URBASER a megaempresa de Florentino que segue traballando no concello de Lugo sen contrato e nunha situación de ilegalidade, traslada a SOGAMA, outra megaempresa montada polo PP, os residuos que se producen diariamente no noso concello, cun custo que supera os 6 millóns de euros. O BNG aposta por outro modelo de xestión de residuos, e por iso xa levou ao pleno municipal a proposta de municipalización de dito servizo, a cal foi aprobada pero aínda non iniciada. O concello de Allariz, gobernado polo BNG, foi capaz de rebaixar o recibo na recollida do lixo grazas a un plan de compostaxe. Apostamos pola creación de hortos urbanos municipais nos barrios da cidade.

Xulgado Violencia de Xénero

Lugo volcouse coa campaña de recollida de sinaturas para a creación dun xulgado específico de violencia de xénero para Lugo. O BNG está impulsando a través de iniciativas nas institucións, e dunha campaña de recollida de sinaturas, a implantación deste xulgado tan necesario.

SINATURAS XULGADO VIOLENCIA DE XÉNERO

Mocidade

Lugo ten que mellorar a oferta de actividades alternativas para a mocidade. Dende o BNG levamos a pleno dúas iniciativas que consideramos positivas, que malia ser aprobadas, aínda non se xestionaron. Unha delas é a **apertura das pistas deportivas dos centros de ensino**. Propoñemos que poidan ser usadas nas fins de semana e festivos. Así permitiríase á xente nova acceder a estes espazos sen ter que saltar varandas como acontece agora, poñendo en risco a súa seguridade. Outra das iniciativas que presentamos é a ampliación de **locais de ensaio**, de cara a que os grupos de música que se están iniciando poidan dispoñer de espazos acaídos. Ademais propuxemos a creación dunha **escola municipal de teatro.**

UNHA XESTIÓN EFICAZ

Unha xestión eficaz

O noso concello precisa de maior axilidade para solucionar os problemas reais, que poden ir dende a ausencia de colectores de vidro ata o arranxo dun acceso, pasando pola mala iluminación nunha rúa, ou a existencia dunha barreira urbanística. No BNG cremos que se deben primar esforzos en facer unha administración máis áxil. Un exemplo de desidia por parte da administración neste sentido foi que tivesen que ser persoas afiliadas e simpatizantes do BNG as que rozasen o camiño que une o parque do Miño co do Rato, paso usado diariamente por moita xente e que estaba a piques de pecharse pola vexetación.

Recuperar Lugo

MEMORIA HISTÓRICA

Memoria histórica

Conseguimos que se retirasen os nomes das rúas de persoeiros que participaron do réxime, pero aínda queda moito por camiñar.

Un pobo que esquece a súa historia está condenado a repetila, de aí que para o BNG sexa tan importante coñecer os acontecementos tráxicos do pasado. Nesa liña queremos que se cumpra a lei da Memoria Histórica, na cal entre outras cuestións aparece recollida a eliminación de toda homenaxe á ditadura Franquista, polo que non é de recibo que aínda se manteñan placas de exaltación de dito réxime en centros educativos.

Os pactos PP-PSOE que danan a Lugo

Nos últimos anos PP e PSOE cazolearon diversos acordos de grande calado que prexudicaron os intereses de Lugo, estas alianzas entre PP e PSOE foron acordadas na sombra:

-Un PXOM pouco axeitado para Lugo. O Plan Xeral do noso concello foi un reparto de cromos entre PP e PSOE deseñando un documento para unha suposta cidade de máis de 300.000 habitantes en 10 anos. A realidade é que 6 anos despois da súa aprobación Lugo ten aproximadamente a mesma poboación, os barrios históricos estanse degradando e un 5% do planeamento segue sen aprobarse.

-O concello deixará de cobrar 600.000€ ao ano: A alcaldesa de Lugo e o presidente da Xunta asinaron un acordo para que a Xunta deixe de pagar o IBI de 6 dos seus edificios a cambio de equipar o auditorio. Isto vai supoñer unha perda de 600.000€ cada ano para o concello, unha cantidade importantísima para as inversións de Lugo que agora quedarán paralizadas. Ademais Feijóo incumpre as súas constantes declaracións de que o auditorio o ía completar a Xunta, e a veciñanza de Lugo pagaremos dobremente cos nosos impostos as inversións para o auditorio.

-9,5 millóns cazoleados entre PP e PSOE: Os últimos remanentes que se aprobaron no concello de Lugo (ano 2014) foron pactados polo PP e PSOE e coa oposición do BNG. Nestas partidas destináronse unha cantidade tan importante como 9,5 millóns € facendo un gasto partidista para os intereses de ambos partidos sen terse en conta un proxecto global.

-Abandono de barrios. Na Tinería, na Milagrosa ou nas solucións de tráfico en Fontiñas (en concreto o enlace Fontiñas – San Eufrasio) existen competencias compartidas entre Concello e Xunta, pero ambos gobernos evitan sentarse para darlle solución, facendo que ao final a veciñanza de Lugo teñamos que sufrir as consecuencias do seu pasotismo.

Zona de Baño no Miño

Cronoloxía do que puido ser e non foi

Como o PSOE leva 8 anos impedindo que Lugo teña unha zona pública de baño

-13/04/2009. O Pleno municipal aproba, por iniciativa do BNG, a creación dunha zona pública de baño no río Miño ao seu paso por Lugo.

-Marzo/2011. O BNG, a través da vicepresidencia da Deputación, compromete unha partida económica para desenvolver a zona de baño á espera de que o Concello realice os trámites pertinentes.

-2/05/2014. O BNG volve levar a pleno unha proposición para a execución inmediata da zona de baño no río Miño despois da inoperancia do goberno municipal socialista.

-24/07/2015. O BNG traslada unha iniciativa á comisión de Desenvolvemento Sostible de cara a buscar solucións para que Lugo teña unha zona pública de baño no río Miño.

-2/06/2016. O BNG lémbralle ao goberno municipal que ten ata 250.000€ nos orzamentos do ano 2016 para investir na zona de baño e que ata ese momento non gastou nin un só euro.

-1/08/2016. Ante a continuada paralización por parte do goberno municipal, o portavoz do BNG, Rubén Arroxo, presenta unha solicitude ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a instalación dun pantalán na zona das Saamasas.

-8/08/2016. A Confederación Hidrográfica responde que considera autorizable a proposta que fai o Grupo Municipal do BNG. Demóstrase que o goberno municipal do PSOE en ningún momento iniciou os trámites necesarios.

-13/12/2016. Sométese a exposición pública o proxecto do pantalán para acceso ao río Miño redactado polo BNG.

-5/07/2017. O BNG anuncia que acaba de acadar as autorizacións da Confederación Hidrográfica e da Consellería de Medio Ambiente para realizar o pantalán que proxectou. Só precisa autorización da Deputación de Lugo por ser propietaria do terreo.

-6/07/2017. O BNG solicita permiso para o uso do terreo para a instalación dun pantalán de acceso ao río á Deputación, e solicita tamén unha reunión co seu presidente para darlle axilidade ao asunto.

-**31/08/2017.** Remata agosto, e malia as moitas insistencias do BNG, a Deputación non respondeu á solicitude, e o presidente da entidade non aceptou reunirse co portavoz municipal do BNG.

Piscinas termais públicas

Lugo é unha cidade que dispón de diversas fontes termais, como xa coñecían as poboacións galaicas e romanas. Dende o BNG propoñemos que se aproveiten algunhas desas vetas de auga para deseñar no entorno do río Miño un espazo de ocio conformado por piscinas termais públicas. Agora mesmo o Concello de Lugo conta con 12,5 millóns € de fondos do Plan EDUSI, dos cales unha parte poderían ser dedicados a este proxecto. Lugo podería ter unhas instalacións semellantes ás que ten, por exemplo, a cidade de Ourense no complexo A Chavasqueira.

Entrevista a Rubén Arroxo

Portavoz do BNG no Concello de Lugo

•Vostede sae elixido como voceiro do BNG nas eleccións municipais do ano 2015 con menos de 30 anos. Como é a experiencia de formar parte da corporación municipal de Lugo?

-É unha experiencia que ten unha grande parte positiva polo feito de que estás nunha organización coma é o BNG cun grande proxecto para Lugo e que traballa todos os días para levalo adiante. Estar dentro da corporación tamén resulta clarificador, por que ves como PSOE e PP, chegan a acordos que teñen que ver cos seus intereses partidistas pero non co interese xeral para o concello.

•Que cree que aporta a presenza do BNG no concello de Lugo ás veciñas e veciños?

-Por unha banda un claro empuxe no deseño e desenvolvemento do Lugo do futuro, no BNG temos un proxecto de cidade, témolo claro e traballamos nesa liña. E pola outra banda poñémoslle voz aos problemas da veciñanza, todos os días hai persoas que se achegan a nós para pedirnos información e axuda para darlle solucións as súas situacións, e nós facemos todo o que está da nosa man para poder xestionalas da mellor forma posible.

•Na ronda da Muralla limitouse a velocidade a 30 km/h por unha proposta do BNG, cree que esto foi positivo?

-A proposta do BNG non era limitar a Ronda da Muralla a 30km/h, a proposta do BNG era unha modificación do tráfico da cidade, na que englobaba, entre outras cousas, limitar a maior parte de rúas e avenidas, algo que está a pedir a propia DGT para todas as cidades do estado, dado que a 30km/h a supervivencia dun atropelo é superior ao 90%, mentres que a 50km/h non chega nin ao 50%. Ademais redúcese a contaminación acústica de forma considerable, contaminación esta última que está demostrada que é causa de diversas enfermidades de tipo nervioso que abundan nas zonas urbanas. A imitación a 30km/h non pode ser illada, e ten que ir ligada a un proxecto con medidas como retirada de semáforos que deixan de ser útiles, unidireccionalidade dalgunhas rúas... o cal fará, como así está demostrado, que indo máis lento se chegue incluso antes.

"O BNG é un claro empuxe no deseño e desenvolvemento do Lugo do futuro"

RUBÉN ARROXO

•Se o BNG gobernase, daría vostede o paso de peonalizar Lugo como fixo o seu partido en Pontevedra?

-O centro de Lugo ten que ser totalmente peonil, permitindo o traballo dos carga e descarga nunhas horas limitadas, o acceso aos garaxes e aos aparcadoiros. E o obxectivo ten que ser a medio prazo peonalizar a Ronda da Muralla. Non ten xeito que o noso patrimonio principal da cidade este sufrindo a diario os fortes danos pola vibración de miles de vehículos. Se nós sacásemos a alcaldía peonalizaríamos a totalidade da Ronda da Muralla e todo o recinto interior en 8 anos, dando as solucións óptimas para eliminar calquera problema de tráfico e de estacionamento ao levarse esta actuación.

•O edificio do Garañón segue nas Costas do Parque, cal é futuro deste despropósito urbanístico?

-Só hai un futuro para ese monstro, a súa demolición. E hai que facer todo o posible para que non se pague con cartos públicos por esa desfeita que ten responsables con nomes e apelidos.

•Que hai que facer para que se remate a rehabilitación da Tinería?

-Aquí só hai unha solución, que a Xunta de Galiza cumpra. Entre o 2005 e o 2009 cando o BNG levaba a consellería de vivenda investíronse máis de 20 millóns no barrio da Tinería e fíxose un plan de rehabilitación e rehabitación que foi ata galardoado co premio Hábitat da propia ONU como exemplo de recuperación urbana. O problema veu coa chegada de Feijóo e o seu desprezo a Lugo, o recorte económico na Tinería foi case total, dando moitos pasos atrás no traballo feito.

•E no rural de Lugo, cales foron as súas propostas?

-O rural ten moitas carencias, pero hoxe en día o que máis urxe solucionar son 4 eivas. O mantemento das pistas e estradas, o abastecemento de auga, o saneamento e o transporte público. Estas 4 cuestións son as nosas reivindicacións primordiais para o rural, e poñemos ferramentas sobre a mesa como é que os 500.000€ que lle tocan a Lugo cada ano polo Plan Único da Deputación sexan integramente para as 54 parroquias do noso rural.

•Cree que o BNG ten posibilidade de medrar electoralmente no concello de Lugo?

-Eu estou completamente convencido. A xente coméntanos a diario que lles está a gustar moito o noso traballo e a nosa idea para o Lugo do futuro, e ese é o noso camiño.

•O BNG levou a cabo unha recollida de sinaturas para que Lugo conte cun xulgado específico de violencia de xénero. Cre vostede que é necesario?

-Lugo a diferenza doutras cidades non conta cun xulgado de violencia de xénero, xulgado este que sería unha ferramenta moi importante para axilizar os trámites ás mulleres que se atopan en situacións, nos que incluso pode estar a súa vida en perigo, e que precisan que os protocolos se fagan de forma inmediata unha vez interposta a súa denuncia. Este é un servizo perfectamente viable e asumible, e dende logo dunha necesidade indiscutible, por iso dende o BNG estamos traballando por diferentes vías de cara a esixir a constitución deste xulgado.

Bases democráticas para unha nova Galiza.

#UnPasoAdiante

http//unpasoadiante.gal/